

LETRAS GALEGAS 2026

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

VENRES 15

20:30h Proxección do **filme** sobre a vida de Castelao "**Antes de Nós**" (2025). Teatro Coliseo Noela.

SÁBADO 16

20:30h Presentación do libro "*A parte fácil*" de **Ismael Ramos**, que inclúe o relato "**A lebre**" gañador do premio O. Henry. Edificio do Casino, 2º andar.

DOMINGO 17

12:00h Ofrenda floral ante os bustos de María Mariño e Antón Avilés de Taramancos na Alameda.

12:15h "*Begoña Caamaño, a voz das mulleres silenciadas*". Intervención de Serafín Marcos no Claustro do Concello.

13:00h Actuación **Jaitas Blues** na Alameda.

19:00h Espectáculo familiar con **Peter Punk** "*Con lingua propia*" (circo, malabares e xogos) 60 minutos de duración. Alameda.

20:30h CANTARES ATLÁNTICOS. Dúo artístico: Soledad Vidal e Aurelio Viribay (vídeo, creación, concerto de canto e piano) no Teatro Coliseo Noela. Organiza: Programa Rede Cultural da Deputación.



SÁBADO 23

20:00h Encontro de Corais en **homenaxe ás Letras Galegas**. Teatro Coliseo Noela. Organiza: Coral Polifónica de Noia.

*Todo ata completar aforo

Día das Letras Galegas

Redacción

A Real Academia Galega celebrará este domingo o pleno extraordinario do Día das Letras Galegas que lle dedica a Begoña Caamaño, no Teatro Principal de Santiago ás 12.00 horas. O acto central do 17 de maio, de entrada libre ata completar a capacidade da sala, contará coas alocucións académicas sobre a figura e a obra da escritora e xornalista a cargo de Ana Román, Marilar Aleixandre e Víctor F. Freixanes. O presidente da institución, Henrique Monteagudo, pechará a sesión, á que lle porá a música Sofía Espiñeira.

No encontro repasarase a vida da autora viguesa. Desde a súa faceta como escritora, poñendo o foco nas súas dúas novelas (*Circe ou o pracer do azul* e *Morgana en Esmelle*), ata o seu destacado papel como xornalista, a súa defensa de importantes cuestións éticas e sociais e o seu forte compromiso coa lingua galega.

Simposio no outono

Tras o pleno do próximo domingo, a programación presencial das Letras Galegas 2026 continuará no outono en Vigo, cun simposio da RAG dedicado á autora. Pero alén dos actos, a

Pleno extraordinario do Día das Letras Galegas en Santiago

O acto organizado pola Real Academia Galega terá lugar no Teatro Principal ás 12.00 horas ● A entrada é libre ata completar o aforo



Begoña Caamaño, a autora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas.

Academia está a reforzar a divulgación na Rede cunha serie de contidos dispoñibles na sección que lle dedica en academia.gal e tamén na canle de

Youtube, no caso dos audiovisuais. No documental *Begoña Caamaño: navegar no pracer do azul* ofrece un retrato da autora tecido por amizades

e especialistas na súa obra, en diálogo coas súas propias novelas, dramatizadas en cápsulas que contaron, entre outras colaboracións, coa da Es-

cola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Outras das propostas orientadas a conectar sobre todo coa mocidade e os formatos máis anovadores é a serie de reels *É o tempo de Begoña Caamaño* e o primeiro videopodcast da RAG, *Colchas de voces*, no que se abordan asuntos que preocuparon e ocuparon á emblemática escritora. As convidadas do primeiro episodio son as integrantes do dúo musical Fillas de Cassandra, que comparten con Begoña Caamaño a súa revisión feminista e creativa da mitoloxía clásica.

Actividades para a cativada

Por outra banda, a Primavera das Letras terá como destinatarios aos cativos. Na web do proxecto pode descargarse o texto teatral, para ler e representar dentro e fóra das aulas, *Uuu-uuu, BEGOÑA!*, da escritora viguesa An Alfaya e ilustrado por Laura Romero.

No mesmo espazo ofrécese outros contidos divulgativos, actividades interactivas ou fichas para colorear. Ademais, o Portal das Palabras, tamén ofrece contidos sobre o noso léxico arredor do mundo de Begoña Caamaño. ■



Xerais
xerais@xerais.gal • www.xerais.gal

Xerais coas voces das nosas letras



caixaruralgalega.gal

Síguenos!



Día das Letras Galegas

17 de maio | Begoña Caamaño



CAIXA RURAL GALEGA



60 años medrando contigo!

Fotografía do arquivo da autora

Día das Letras Galegas

CONCELLO DE BOIRO

Boiro celebra a XV Romaría das Letras entre artesanía, música e literatura

As actividades terán lugar mañá no Pazo de Goiáns desde as 11.00 ata as 21.00 horas

Redacción

O Día das Letras Galegas late con forza en toda Galicia, e Boiro non é unha excepción. A vila barbanzá prepara un ano máis un acto conmemorativo para celebrar por todo o alto esta xornada dedicada ás figuras que teceron a súa obra literaria na nosa lingua defendendo a preservación do galego.

Trátase da Romaría das Letras, un evento organizado polo Concello de Boiro e a asociación cultural Barbantia que chega á súa décimo quinta edición e que traerá este domingo ao histórico Pazo de Goiáns propostas de artesa-

nía, literatura, música, ocio e baile.

A actividade comezará ás 11.00 horas coa apertura de portas da casa señorial e o recibimento aos participantes desta romaría, á que están invitados non só os veciños de Boiro, senón todos os do Barbanza.

A partir das 11.30 horas estará habilitado o mercado de artesanía e literatura, que contará cos postos dos colectivos colaboradores e cunha exposición dedicada a Begoña Caamaño, autora homenaxeada co Día das Letras Galegas 2026. Ás 12.00 horas haberá baile galego na eira do Pazo con Xilbarbeira e Abanqueiro, e ás 13.00 horas terá lugar o concerto sesión vermú con Maricar-



A presidenta da asociación cultural Barbantia, María Jesús Blanco, e a edil de Cultura, María Outeiral, presentaron a programación.

me no xardín do Pazo. Ás 14.00 horas celebrarase o xantar popular, amenizado polos Pequenos do Barbanza.

Xa pola tarde, ás 16.00 horas abrirase a zona infantil con Miudinho Cooperativa no pombal do Pazo, mentres que no interior do edificio terán lugar as presentacións institucionais.

A partir das 16.15 horas desenvolveranse as presentacións literarias a cargo da AC Barbantia, coa obra *Elas*, de Xulio Gutiérrez, que incluírá un taller creativo coa ilustradora Lucía Cobo, e A

O mercado de artesanía e literatura contará cunha exposición dedicada a Begoña Caamaño

Compostela de Begoña Caamaño, de Encarna Otero. A música e o baile continuarán ás 18.00 horas coa actuación de baile galego na eira do Pazo con Aroña e Abeloura. Ás 19.00 horas será a quenda do concerto de Os D'abaixo, tamén na eira do Pazo.

A XV Romaría das Letras no Barbanza rematará ás 21.00 horas, poñéndolle fin a unha xornada dedicada á cultura, á literatura, á música tradicional e á celebración das Letras Galegas en Boiro. ■



Organizan:   

Colabora: 

11:00 h: Apertura e recibimento participantes da XV Romaría das Letras no Barbanza
11:30 h: Mercado de artesanía e literaria
12:00 h: Baile galego con Xilbarbeira e Abanqueiro
13:00 h: Concerto sesión vermú con Maricarme
14:00 h: Xantar popular amenizado polos Pequenos do Barbanza
16:00 h: Zona infantil con Miudinho Cooperativa
16:15 h: Presentacións literarias a cargo da A.C. BARBANTIA

- *Elas*, de Xulio Gutiérrez. Taller creativo coa ilustradora Lucía Cobo.
- *A Compostela de Begoña Caamaño*, de Encarna Otero.

18:00 h: Baile galego con Aroña e Abeloura
19:00 h: Concerto con Os D'abaixo
21:00 h: Remate da XV Romaría das Letras no Barbanza



Día das Letras Galegas

Concerto da Banda da Escola de Música de Rianxo polo seu 23º aniversario

Interpretarán con Teatro Airiños os cinco contos de 'Retrincos', de Castelao, hoxe no auditorio

Redacción

A Banda da Escola de Música de Rianxo dará este sábado no auditorio un concerto especial polo Día das Letras Galegas e o seu vixésimo terceiro aniversario. Baixo o nome de *Retrincos*, a actuación terá lugar ás 20.30 horas e contará co apoio de Teatro Airiños. O espectáculo está dividido en dúas partes por cada un dos cinco contos. En primeiro lugar, e ao comezo de cada un dos relatos, a agrupación escénica fará adaptacións das cinco historias escritas por Castelao como introdución para lo-

go dar paso á banda musical, que interpretará unha obra que compuxo David Fiuza, director da Banda de Música Municipal de Santiago, por encargo dos rianxeiros no ano 2008.

O auditorio promete albergar un espectáculo asegurado ao ritmo das frautas travesseiras, obóes, trompas, trompetas, tubas, violonchelos, e os demais instrumentos que caracterizan este tipo de agrupacións. Participarán un total de setenta persoas.

Esta experiencia non é nova para a escola de música, xa que é tradición que aporten ambiente e alegría á vila barbanzá nunha data especial como a das Letras Galegas.



A Banda da Escola de Música de Rianxo durante un concerto.

«Este tipo de concertos son moi importantes para nós porque podemos innovar. Normalmente enchemos o aforo», indica Rafael Collazo, director da Banda de Música da Escola de Rianxo.

A entrada é de balde ata completar a capacidade do auditorio e haberá recollida de convites desde unha hora antes do comezo da función (máximo dous por persoa).

A Banda da Escola de Música

Participarán na función 56 músicos da banda e 14 actores de Teatro Airiños

de Rianxo está formada por 56 persoas, a maioría delas mozos e mozas, aínda que tamén contan con compoñentes con máis experiencia vital: «Temos un compañeiro de 56 anos», precisa o director.


É unha institución moi querida pola veciñanza rianxeira, pois este tipo de agrupacións son parte importante do concello: «Rianxo é unha vila de banda e nós loitamos cada ano para que continúe sendo así». ■

“Ler é viaxar no tempo e na xeografía; no interior da mente humana ou nas circunstancias que rodean a ese ser”

Begoña Caamaño



Letras
Galegas
26



Día das Letras Galegas

Cine, espectáculos, música e literatura para animar o Mes das Letras en Noia

O escritor noiés Ismael Ramos presenta hoxe no Edificio do Casino o seu libro 'A parte fácil'

Redacción

Co gallo do Día das Letras Galegas, o Concello de Noia elaborou unha programación de actividades pensada «para que toda a veciñanza, independentemente da idade ou dos seus intereses, poida celebrar este día», explicou a edil de Cultura, Chelo Martínez, durante a presentación das iniciativas. A vila mariñeira utilizará o cine, a música, os espectáculos familiares e a literatura para converter esta celebración tan especial nun punto de encontro cultural aberto e participativo.

Trala proxección do filme *Antes de*

Nós (centrado na vida de Castelao), onte no Teatro Coliseo Noela, a literatura contemporánea será o tema protagonista da xornada de hoxe coa presentación do libro *A parte fácil*, a cargo do escritor local Ismael Ramos. A obra inclúe o relato *A lebre*, gañador do prestigioso galardón internacional Premio O. Henry. O acto terá lugar no Edificio do Casino ás 20.30 horas, no segundo andar.

Polo Día das Letras Galegas, domingo 17, o Concello concentrará as propostas centrais. A xornada comezará ás 12.00 horas cunha ofrenda floral aos bustos de María Mariño e Antón Avilés de Taramancos na Alameda.



A concelleira de Cultura, Chelo Martínez, durante a presentación da programación polas Letras Galegas.

da. A continuación, ás 12.15 horas, Serafín Marcos realizará a intervención *Begoña Caamaño, a voz das mulleres silenciadas* na porta do Claustro do Concello, en homenaxe á escritora das Letras Galegas deste ano.

A música e o lecer tamén terán un papel destacado nesta xornada festiva. Ás 13.00 horas, o grupo Jaitas Blues actuará na Alameda. Xa pola tarde, ás 19.00 horas na Alameda, chegará o espectáculo familiar de Pe-

O sábado terá lugar unha intervención na honra de Begoña Caamaño a cargo de Serafín Marcos

ter Punk, *Con lingua propia*, unha proposta de circo, malabares e xogos. Ás 20.30 horas, o Teatro Coliseo Noela acollerá *Cantares Atlánticos*, no que o dúo artístico formado por Soledad Vidal e Aurelio Viribay combinará vídeo, creación escénica e concerto de canto e piano. A programación pecharase o sábado 23 co Encontro de Corais en homenaxe ás Letras Galegas, organizado pola Coral Polifónica de Noia no propio Teatro Coliseo Noela. ■



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Premio "de Ley Siglo XXI" na categoría
Dereitos do Consumidor

Camiñamos ao teu carón
nesta nova era con toda
a nosa enerxía e o mellor
asesoramento legal.

Coas nosas Letras, co noso
país e coa nosa xente!

www.perezlema.gal

881 964 020

Rúa Santiago Rey Fernández Latorre, nº 57, 7º (edificio Apolo 2)
Esquina Ramón y Cajal - Fronte ao Corte Inglés, 15006 A Coruña



Día das Letras Galegas

Bugallido vibra en Ames coa terceira Carballeira das Letras

Esta tarde haberá actuacións musicais, foliada e un espectáculo infantil sobre Begoña Caamaño

Redacción

A parroquia de Bugallido, no Concello de Ames, atópase de celebración pola terceira edición da Carballeira das Letras, unha iniciativa que homenaxea a lingua e a cultura galega. Os actos festivos comezaron onte, venres 15, coa charla-recital centrada na figura e na obra de Begoña Caamaño na que participaron Ana Romaní, Andrea Nunes e Guadi Galego.

Este sábado a carballeira local converterase nun espazo de encontro cultural e festivo. Ao mediodía terá lugar o espectáculo familiar *As mil e unha. Letras Galegas Begoña Caamaño*, a cargo de Vero Rilo e Luis Iglesias. A continuación haberá sesión vermú con Los Jinetes del Trópico e unha co-

mida campestre con espazo gastronómico que incluíra churrasco, filloas e pizzas artesás.

Durante a tarde sucederanse diferentes propostas culturais e musicais, entre elas a foliada das escolas de baile e música tradicional de Bugallido, música e improvisación teatral co Colectivo do Flow e, como peche da xornada, o concerto de Tiruleque, ás 20.00 horas.

A celebración terá continuidade o domingo, 17 de maio, coa tradicional festa de San Isidro. A xornada arrincará ás 12.30 horas coa misa solemne na honra do patrón, acompañada pola Coral Polifónica de Bugallido. Posteriormente, celebrarase a sesión vermú e a exhibición das escolas de música e baile tradicional.



Unha das agrupacións musicais que participaron nunha edición anterior da Carballeira das Letras de Bugallido.

O programa inclúe tamén unha comida popular coa tradicional degustación de callos e empanada, ademais dun espazo gastronómico con pulpeira e a actuación da charanga Santa Compañía. Ao longo da tarde desenvolveranse actividades destinadas ao público infantil e xuvenil.

Pechará o evento o concerto da Orquestra Folk de Galicia Son de Seu, ás 19.00 horas. O Concello de Ames e a Deputación da Coruña colaboran na programación. ■



Alguns dos asistentes á celebración nunha edición anterior.

BUGALLIDO

Carballeira

das Letras

MAIO 2026

Sábado 16 • Carballeira

12.00 h «As mil e unha. Letras Galegas Begoña Caamaño»
Narración oral e música a cargo de Vero Rilo e Luis Iglesias (público familiar)

13.30 h Sesión vermú con **Los Jinetes del Trópico**

15.00 h Xantar campestre (espazo gastronómico: churrasco, filloas, pizzas artesás...)

16.30 h Foliada, coas escolas de baile e música tradicional de Bugallido

18.00 h Música e improvisación teatral con **Colectivo do Flow**

20.00 h Concerto de **Tiruleque**

Organizan:

Asociacións de Bugallido

Día das Letras Galegas

Teatro, música e charlas no Mes das Letras en Muros

Este domingo haberá unha ofrenda a Xosé Agreló Hermo na alameda de Esteiro

Redacción

Muros está inmerso na programación de actividades do Mes das Letras e da XVIII Mostra de Teatro Xosé Agreló, dúas citas xa clásicas na promoción da lingua e a cultura galega no concello. Deste xeito, ao longo de maio a vila acolle diversas obras de teatro, charlas, obradoiros e o tradicional acto de ofrenda a Xosé Agreló Hermo. «Temos un compromiso co uso e a defensa da nosa lingua todo o ano, pero maio sempre é un mes especial para dar a coñecer a creación artística en galego, as nosas letras e outras disciplinas artísticas, como o teatro ou o deseño», sinalou a alcaldesa María Lago na presentación das actividades.

Esta tarde, ás 20.30, utilizarán a maxia dos escenarios para reivindicar

a cultura galega, no local social da SCRDR Esteirana, con Berrobambán e a obra *Begoña Caamaño: o transgredir das ondas*. O domingo, na alameda de Esteiro ás 13.00 horas, será a ofrenda a Xosé Agreló Hermo, organizada pola AC O Xeito.

Ao rematar, ás 13.30 horas, será a actuación musical *Unha señora orquestra*. O luns 18, ás 11.10 horas no IES As Insuas, terá lugar o relatorio *Sobrevivir en galego nas redes sociais*, con Kona-chadas e Prado Rúa.

Xa o martes 19, ás 10.30 na Galiña Azul de Esteiro, volverá ter protagonismo o teatro, nesta ocasión da man de Xarope Tulú, con *Bichocas e corochas*. E o sábado 20, ás 20.30, interpretárase a obra *Fermento vello*, da compañía O Xeito Teatro.



Pola esquerda, Uxía Saborido, Caridad González, María Lago e Laura Rivadeneira.

O venres 22, no auditorio municipal ás 11.30 horas, da man de Aquelando Teatro, chegará a función *As Muroexploradoras*. A programación continuará o sábado 23, ás 20.30, con *Ensaio xeral sobre a risa*, da mesma compañía; o venres 29, ás 20.30, con *Un tranvía chamado desexo*, de Sen Canelas Teatro. A edil de Cultura, Caridad González, lembrou pola súa parte «a calidade da programación da mostra e das compañías que pasarán polo escenario do auditorio». ■



Avelino González durante a obra 'Galego para Abrir Mundos', celebrada o mércores.

Feliz Día das Letras Galegas



Recursos estratéxicos

Sostibilidade

Innovación

Aplicacións tecnolóxicas

Día das Letras Galegas

CONCELLO DE RIBEIRA



As concelleiras Ana Barreiro e Nucha Brión presentaron as actividades.

Contacontos e actuacións musicais en Ribeira

Redacción

O Concello de Ribeira atópase inmerso nun mes cheo de cultura coa celebración do *Maio Cultural*. Unha iniciativa que abrangue máis dunha quincena de propostas para todos os públicos, poñendo o foco no Día das Letras Galegas, que se celebra o 17 de maio e que este ano está

dedicado á escritora Begoña Caamaño. Así, o municipio preséntase como un punto de encontro arredor da lingua, da música, da creación e da participación veciñal.

A programación busca achegar o valor da nosa lingua a públicos de todas as idades, con actividades pensadas para gozar en familia e dar visibilidade ás novas voces da música en galego. Un dos momentos centrais da

iniciativa terá lugar o propio día 17, ás 13.00 horas, na praza de Porta do Sol, cun espectáculo das cantareiras de Bailadela e As Sete Linguas, da Asociación Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño. A música tradicional será, así, unha das grandes protagonistas dunha xornada pensada para reivindicar a identidade galega desde a festa e a convivencia.

A Asociación Francisco Lorenzo Mariño tamén terá un papel destacado pola tarde, cunha programación dirixida especialmente ao público familiar. A partir das 16.30 horas, o Parque da Tasca e a Casa da Cultura de Aguiño acollerán inchables, música, xogos populares e unha xornada de debuxo infantil con agasallos, actividades coas que se pretende implicar a rapaza da na celebración das Letras Galegas. A festa continuará ás 19.30 horas cunha nova actuación das cantareiras e pandeireiras, ademais do espectáculo de maxia *Don Gelatti*, a cargo de Dani García.

O *Maio Cultural* tamén reservará espazo para a música coral nos vindeiros días. O domingo 24 de maio, ás 19.00 horas, o novo auditorio municipal acollerá o concerto das Letras Galegas, no que participarán a Coral Municipal de Ribeira, a Coral do Círculo Mercantil de Ribeira e a Coral Polifónica de Berres da Estrada. Será unha oportunidade para gozar do son das voces agrupadas arredor dun repertorio que reforza o valor da cultura compartida e da tradición musical.

Coa mirada posta nos máis pequenos, o venres 29 de maio, ás 11.00 horas, celebrarase no novo Auditorio municipal o acto de entrega de premios do XXXIV Concurso Escolar das Letras Galegas. A cita completaráse co espectáculo en homenaxe a Begoña Caamaño *Chaves invisibles*, de Vero Rilo e Luis Iglesias, dirixido ao público escolar.

O mesmo día, a partir das 22.00 horas, o Parque García Bayón encherase cos sons máis novos en galego grazas ao programa *Fálame así, cántame así*. O cartel estará encabezado por 9Louro e contará tamén coas actuacións de Alddara, Diego Tercero, Mateo Fajardo e Mateo Abelleira.

O día 23, ás 18.00 horas, a cativa gozará do contacontos *Seres máxicos do reino de Galicia*, con Soledad Felloza, no Centro Cultural Lustres Rivas. A narración tamén virá da man de Vero Rilo, que protagonizará o día 30 *As mil e unha*. Tamén o sábado 30 pecharase a mostra da XV Bienal de pintura do Eixo Atlántico, situada na sala de exposicións do Centro Cultural Lustres Rivas. ■

Maio Cultural de Ribeira 2026



Danza:
"Ben Querer"
2 de maio



Concerto didáctico:
"Unha viaxe no tempo"
7 de maio



Monólogo:
"A Penúltima"
Carlos Blanco
8 de maio



BRUÓN FOLK FEST
9 de maio



Gala solidaria:
10 de maio



Intercambios escolares:
7, 8, 13 e 14 de maio

17 DE MAIO - DÍA DAS LETRAS GALEGAS
dedicado a Begoña Caamaño

Espectáculo das Cantareiras de Bailadela e As Sete Linguas da AFLM de Aguiño
Ás 13:00 h., na Praza de Porta do Sol.

XORNADA DAS LETRAS GALEGAS DA ASOCIACIÓN FRANCISCO LORENZO MARIÑO



Conto:
"A chave do reino"
Charo Pita
16 de maio



Festival:
Tahúme entre Folclore
16 de maio



Conto:
"Seres máxicos do reino de Galicia"
Soledad Felloza
23 de maio



Concerto benéfico:
Boroa e David Cuence
23 de maio



Concerto corais:
24 de maio



Entrega premios:
XXXIV concurso escolar das Letras Galegas. Homenaxe Begoña Caamaño
29 de maio



Concertos:
"Fálame así, cántame así!"
29 de maio



Conto:
"As mil e unha"
Vero Rilo
30 de maio



Exposición:
XV Bienal de pintura do Eixo Atlántico
Ata o 30 de maio

www.ribeira.gal





Día das Letras Galegas

Unha vida dedicada á radio, a lingua, a literatura e o activismo

A meirande parte da súa traxectoria profesional estivo vencellada á Radio Galega ● Despois de facer 45 anos publicou dúas novelas

Redacción

Begoña Caamaño Rascado naceu en Vigo o 14 de outubro de 1964, un ano despois da primeira celebración do Día das Letras Galegas. Medrou no barrio do Calvario, no primeiro andar da casa da súa avoa, cos seus pais, Carmen Rascado Rodríguez e Roberto Caamaño Cabanes, e cos seus irmáns Roberto, Beatriz e Javier.

Aquel mundo familiar, con patio, pozo e hortas próximas, marcou a súa infancia. A avoa Carmiña foi unha figura esencial, igual que a súa nai, que lles lia pola noite a Begoña e a Beatriz. Daquela naceu a súa relación coa lectura, alimentada polos contos do avó e polos xogos nos que ela inventaba historias.

A mediados dos anos setenta, a familia trasladouse a Coia, un barrio novo de Vigo marcado polos cambios urbanísticos e pola mobilización veciñal. Alí medrou como adolescente comprometida. Estudou EXB no Colexio Amor de Dios e Bacharelato no Instituto Coia 2, hoxe Alexandre Bóveda, un centro moi activo nas protestas estudantís.

Participou nas mobilizacións polos Pases pro bus e en espazos de debate promovidos por frades próximos á Teoloxía da Liberación. Aqueles anos foron importantes para formar a súa conciencia crítica. A defensa dos dereitos, a igualdade e a xustiza social acompañarían toda a vida.

Despois de estudar Maxisterio, atopou o seu camiño na radio. Presentouse a unhas probas en Radio Noroeste e xa non se afastou do xornalismo radiofónico. En novembro de 1986 incorporouse a Radio Popular de Vigo e dous anos máis tarde entrou na delegación viguesa da Radio Galega. Alí fixo crónicas, entrevistas e seguimento dunha cidade marcada polas mobilizacións obreiras, as folgas, a reconversión naval e os conflitos sociais. O seu xornalismo naceu ao pé da rúa: contrastaba datos, coidaba as fontes, respectaba a audiencia e usaba a palabra con precisión.

Traslado a Santiago

En 1992 trasladouse á redacción central da Radio Galega, en Santiago de Compostela. A maior parte da súa traxectoria estivo ligada á emisora pública entre 1988 e 2012. Defendeu os

medios públicos como ferramentas fundamentais para a lingua galega, a cultura e unha cidadanía libre. Tamén participou en mobilizacións contra a manipulación informativa e presidiu o Comité Interempresas entre 2000 e 2003. Nos últimos anos destacou no xornalismo cultural: formou parte do Diario Cultural e dirixiu, redactou e locutou *Andando a Terra*, *Club Cultura* e *Expreso de Medianoite*.

Papel como escritora

Como escritora chegou tarde, pero deixou unha pegada profunda. Publicou *Circe ou o pracer do azul* en 2009, aos 45 anos, e *Morgana en Esmelle* no 2012. Nas dúas novelas revisitou grandes mitos desde unha perspectiva feminista. Na primeira inspirouse na Odissea para dar voz a Circe e Penélope; na segunda regresou ao mundo artúrico para reflexionar sobre Morgana, Merlín, o poder, a ética, a ciencia, a relixión e a liberdade.

O feminismo foi un eixo central da súa vida. Participou en *Mulheres Nacionalistas Galegas*, na *Marcha Mundial das Mulleres* e na *Asociación Mulleres Galegas na Comunicación*. Tamén se implicou en accións contra a violencia de xénero, a favor do dereito ao aborto, da sanidade e do ensino público, contra o militarismo e en defensa da lingua galega. Nos seus artigos tratou o corpo das mulleres, a desigualdade, os abusos de poder e a necesidade de construír un mundo máis xusto.

Begoña Caamaño faleceu o 27 de outubro de 2014, pouco despois de cumprir 50 anos, a causa dun cancro. A súa carreira literaria e legado social quedaron interrompidos demasiado cedo. Por todo isto a Real Academia Galega dedicalle as Letras Galegas de 2026, recoñecendo a unha escritora que soubo reescribir os mitos, a xornalista rigorosa, a feminista comprometida e a muller que fixo da palabra unha forma de liberdade. ■




Begoña Caamaño nos anos 80.



Begoña Caamaño, segunda pola esquerda, coa súa familia.



Caamaño, no centro da imaxe, presentando 'Morgana en Esmelle'.



RAG

RAG

RAG

Día das Letras Galegas

Oroso enaltece a cultura co I Albaroque da Senra

A parroquia inaugura hoxe esta cita con xogos populares, música tradicional, mostras de baile, xantar popular e troula nocturna

Redacción

A parroquia de Senra, en Oroso, celebra hoxe a primeira edición dunha cita cultural e gastronómica para rememorar a profunda tradición local ligada ao lugar: o Albaroque. Senra é terra de músicos e agrupacións populares, pois houbo un tempo en que foi punto de encontro de romarías e festas durante décadas, ata que a banda Lira se disolveu no ano 1970. Con todo, a veciñanza mantivo viva esta memoria e este ano uniu forzas para impulsar este evento coa colaboración de asociacións folclóricas e veciñais, voluntarios, o Concello de Oroso e a Xunta.

A festa comezará a partir das 12.00 horas coa apertura de portas e da mostra de artesanía. Ás 13.00 horas, os protagonistas serán a Asociación Folclórica Buxos Verdes e a Asociación Cultural Pontevella cunha xun-



Integrantes da Asociación Folclórica Buxos Verdes.

tanza de baile tradicional, que dará paso á sesión vermú a cargo da Charanga Argalleiros. Ás 14.30 será a quenda do xantar con xogos populares para toda a familia ao remate. «Temos máis de 400 tickets vendidos», sinala o alcalde, Álex Doval. Pola tarde haberá pinchos gratuítos para todos os

asistentes con cada consumición.

Ás 18.00 vivírase un ambiente único en Senra coa xuntanza de grupos de música tradicional, con participación de grupos de Santiago, Teo, Sigüeiro, Ordes, Frades e locais. Pechará a celebración a Charanga BB+ a partir das 23.00 horas. ■

‘Mitos, lendas e cantigas’ en Trazo

Redacción

O Concello de Trazo fixo uso da narración oral para homenaxear a Begoña Caamaño, autora recoñecida este ano nas Letras Galegas. A Casa Amarela converteuse este martes no escenario da obra *Mitos, lendas e cantigas*, interpretada por Servando Barreiro e dirixida ao alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria do CPI Víaño Pequeno.

A actividade, enmarcada na Rede de Bibliotecas de Galicia, permitiu achegar aos máis pequenos a cultura galega, a tradición oral e a maxia das historias contadas, facendo da palabra un vehículo para aprender, imaxinar e reflexionar.

O papel das mulleres

A proposta está inspirada na obra de Begoña Caamaño, que revisita a mitoloxía clásica desde unha perspectiva feminista. A través de romances,



Servando Barreiro, o intérprete da obra.

cantigas e palabra contada, a función recupera figuras como Circe, Penélope ou Morgana, poñendo en valor o papel das mulleres tanto nos mitos como na transmisión da memoria e da tradición popular.

O espectáculo mestura en 45 minutos patrimonio cultural, creación contemporánea e igualdade para educar a través da narración oral os rapaces e rapazas de Trazo. ■

Día das Letras Galegas 2026

Begoña Caamaño

(Vigo, 1964 - Santiago, 2014)



Día das Letras Galegas

Begoña Caamaño

(Vigo, 1964 - Santiago, 2014)

Día das Letras Galegas

Teatro sobre Begoña Caamaño en Val do Dubra

Redacción

Val do Dubra celebrará o Día das Letras Galegas cunha programación pensada para achegar a lingua, a literatura e a música galega a públicos de diferentes idades. As propostas desenvolveranse ao longo de maio e combinarán actividades escolares, narración oral, tradición e poesía.

A primeira cita será o 19 de maio no Auditorio Municipal coa obra de teatro *Begoña na procura da verdade*, de Manuela Varela. Haberá dous pases para o alumnado dos centros educativos: un ás 10.30 horas para Educación Infantil e outro ás 11.30 horas para Primaria. A sesión infantil, duns 30 minutos, será dinámica e sinxela, mentres que a de Primaria, de arredor de 50 minutos, afondará máis nos contidos educativos.

O espectáculo presenta a Begoña, unha rapaza decidida que non soporta as mentiras e que atopa no faiado da súa casa un misterioso mapa da verdade. Para seguilo deberá falar con Morgana, Penélope e Circe, superar



A obra será no auditorio municipal.

trampas e descubrir a verdade coa axuda dunha pluma máxica incapaz de escribir mentiras. A proposta permitirá descubrir o legado de Begoña Caamaño, homenaxeada nas Letras Galegas 2026, a través da igualdade, a mitoloxía e a liberdade.

A programación continuará o 22 de maio, ás 11.00 horas, na escola infantil, con *Pan de broa*, escrito por Cris de Caldas. Este contacontos musical con obxectos e música en directo de Miguel Froján lembra ditos, cancións e contos da tradición oral transmitidos polas familias.

Como peche, o 29 de maio, ás 22.00 horas, a Taberna Casa Braulio acollerá *Minguante canta poesía galega*, un espectáculo acústico no que a poesía galega se converte en música. ■

Para Arzúa a lingua galega é «a mellor herdanza»

Redacción

O Concello de Arzúa está fondamente comprometido coa conmemoración das Letras Galegas este domingo 17 de maio, polo que, baixo o lema de «O galego, a mellor herdanza» impulsou un variado programa de actividades centrado na cativada e pensado para enxalzar a cultura nun mes tan especial para a defensa da lingua galega.

Hoxe, sábado, terá lugar un dos actos centrais, a lectura pública de textos da autora homenaxeada este ano, Begoña Caamaño. Esta é unha iniciativa organizada en colaboración co Club de Lectura municipal que buscará converter a Praza de Galicia nun espazo compartido de encontro, reflexión e homenaxe arredor da obra da viguesa.

A programación continuará o 20 de maio no CEIP de Arzúa coa actividade *A Gran Viaxe das Letras Galegas*, da compañía A Xanela do Maxín, dirixida ao público infantil e escolar. A música terá tamén un papel destacado no concerto *Cancións Begoñisimas. Tece-*



Laura Gil e Lucía López, técnica municipal e concelleira de Normalización Lingüística de Arzúa, presentaron as actividades.

dora de soños, de Uxía, previsto para o 23 de maio na Capela da Madanela.

As actividades destinadas á primeira infancia volverán ter protagonismo o 29 de maio co espectáculo *Arrolar*, na Escola Infantil A Galiña, da Fundación Legar, mentres que o 26 de xuño terá lugar o *Concerto didáctico de nanas*, de Xoán Curiel.

A programación completárase o 5 de xuño co espectáculo infantil *Brinca vai!*, de Paco Nogueiras, no Parque In-

fantil ou na biblioteca municipal en caso de choiva. «Temos a responsabilidade de garantir que as futuras xeracións tamén reciban esa herdanza e poidan facela súa, porque perder a nosa lingua propia suporía tamén deixarles ás xeracións que veñen un legado cultural máis pobre», destacou a concelleira de Normalización Lingüística, Lucía López, na presentación das actividades. O Concello pon en valor a colaboración co tecido educativo de Arzúa. ■

Letras Galegas 2026

Begoña Caamaño

"O fundamental da cuestión do idioma é que, para alén doutras consideracións, nos interpela directamente sobre a nosa vontade de ser ou non un pobo"

Concello de VAL DO DUBRA

O galego, a mellor herdanza

O GALEGO É A NOSA LINGUA PROPIA. FALÉMOLA, TRANSMITÁMOLA, DEÁMOSLLE FUTURO.

12 de maio	"GPA, galego para adolescentes" Avelino González Horario escolar IES de Arzúa
16 de maio	Lectura pública de textos de Begoña Caamaño Club de Lectura 17:00 h Praza de Galiza
20 de maio	"A Gran Viaxe das Letras Galegas" A Xanela do Maxín Horario escolar CEIP de Arzúa
23 de maio	"Cancións Begoñisimas. Tecedora de soños" Uxía Senlle 20:00 h Capela da Madanela
29 de maio	"Arrolar" Fundación Legar Horario escolar Escola Infantil A Galiña Azul
5 de xuño	"Brinca vai!" Paco Nogueiras 18:00 h Parque Infantil (Biblioteca en caso de choiva)
26 de xuño	"Concerto didáctico de nanas" Xoán Curiel Horario escolar Escola Infantil A Galiña Azul

Concello de Arzúa | Normalización Lingüística Arzúa | Deputación da Coruña | XUNTA DE GALICIA

Día das Letras Galegas

A veciñanza do Pino camiña desde Arzúa «coa lingua»

A segunda edición da andaina das Letras terá lugar este sábado cun percorrido polo Camiño Francés entre A Calzada e a Casa da Cultura

Redacción

O Concello do Pino organiza para este sábado 16 de maio, na véspera do Día das Letras Galegas, a segunda edición da andaina das Letras: *Camiñando coa Lingua*. Un itinerario que mestura deporte, cultura e lingua galega nun percorrido polo histórico Camiño de Santiago ao seu paso polo municipio.

O percorrido comezará cunha saída en autobús ás 8.30 horas desde o Centro Cultural Luís Seoane ata A Calzada (Arzúa), punto de inicio da andaina, prevista para as 9.00 horas. O traxecto, duns 13 quilómetros, rematará na Casa da Cultura do Pino arredor das 13.00 horas.

Durante a camiñada, os 35 participantes poderán gozar de diferentes intervencións dinamizadas polo guía turístico Carlos Guerra, que se desenvolverán en varios puntos do itinerario, ofrecendo unha visión amena e profunda da historia local e



Un dos treitos do Camiño de Santiago entre Arzúa e O Pino.

do propio Camiño de Santiago.

A actividade está pensada para todos os públicos e busca tamén fomentar a participación en familia, promovendo o encontro interxeracional nunha contorna natural de gran valor.

Un camiño de sorpresas

Desde as redes sociais do Concello

animan a toda a veciñanza a participar e informan de que esta non será unha andaina convencional, xa que nesta segunda edición «haberá sorpresas e dinamizacións para facer desta xornada unha experiencia única. Deste xeito, O Pino apóiase na práctica deportiva en comunidade para promover o uso da lingua galega ao tempo que pon en valor o seu rico patrimonio verde e cultural. ■

Teatro infantil sobre a historia das Letras no multiúso de Frades

O domingo 17 terá lugar na alameda de Esteiro a ofrenda a Xosé Agrelo Hermo, organizada pola Asociación Cultural O Xeito

Redacción

O Concello de Frades utilizará o teatro para concienciar os máis pequenos sobre a importancia de preservar a historia da nosa lingua. Pola mañá, concretamente ás 11.30 horas, o edificio multiúso acollerá o espectáculo infantil *A gran viaxe das Letras Galegas* até Begoña Caamaño, a escritora homenaxeada este ano pola Real Academia Galega.

A actividade, dirixida a nenas e nenos de tres a oito anos e impulsada pola compañía A Xanela do Maxín, consiste nunha función máxica e emocionante a través da historia, da lingua e da cultura literaria galega.

Un percorrido participativo cheo de palabras, sons e lembranzas a través de distintas épocas, autoras e autores que marcaron a evolución da comunidade galega.

Trátase dun espectáculo que celebra o privilexio de Galicia de poder



Un espectáculo anterior da Xanela do Maxín.

contar cunha lingua propia e do poder transformador das letras. Os intérpretes farán rir e espertar a curiosidade da rapazada para que tomen conciencia de que o galego tamén é o futuro.

Desde Begoña ata Rosalía

A obra comezará poñendo o foco na figura e na produción literaria de Bego-

ña Caamaño, autora recoñecida polos seus títulos *Circe ou o pracer do azul* e *Morgana en Esmelle*. A partir da súa traxectoria, a proposta abrirá o percorrido cara a outras voces contemporáneas destacadas da literatura galega, para despois retroceder no tempo ata Rosalía de Castro e chegar mesmo aos primeiros textos escritos en galego. ■

Día das Letras Galegas

Placas conmemorativas para escritores célebres de Melide

O Concello homenaxeará este domingo a doce autoras e autores colocando estes recoñecementos nas vivendas que habitaron

Redacción

O Concello de Melide conmemora este mes de maio as Letras Galegas cun programa especial dedicado aos seus escritores e escritoras que naceron ou viviron na vila, así como a Begoña Caamaño (autora homenaxeada pola RAG neste 2026). A iniciativa inclúe diversas propostas culturais, escolares e divulgativas co obxectivo de achegar á veciñanza a obra e o legado da autora.

As actividades comezaron coa exposición *Circe ou o pracer do azul*, que poderá visitarse ata o 31 de maio na entrada da Casa do Concello. O programa continúa con varias funcións escolares no centro sociocultural Mingos de Pita, entre elas *Begoña Caamaño, o transgredir das ondas*, para alumnado de 4º da ESO e Bacharelato.

Este domingo 17 de maio terá lugar un dos actos centrais da programación, O Melide das letras, coa des-



CEDIDA

Alguns dos autores vinculados a Melide que serán homenaxeados.

cuberta de placas conmemorativas dedicadas a doce destacadas figuras do municipio nas súas vivendas: Eduardo Álvarez Carballido; Emilio Pereiro Quiroga e Juana Teresa Juega López; Antonio L. Taboada Roca; Manuel Taboada Roca; Amador Rodríguez Martínez; Nilo Cea Rodríguez; Rafael Taboada Vázquez; Jesús Mosteiro Raído; Xosé Manuel Rodríguez Pampín; Antonio Hermida Rodríguez;

Carlos Parrado Garea; e Xosé Domingos Cidre Bastián Fuciños Gómez *Mingos de Pita*. A cita será ás 12.00 horas na rúa do Convento, co descubrimento simbólico da placa dedicada a Amador Rodríguez Martínez. O programa rematará o venres 22 co espectáculo de narración oral *As mil e unha*, de Vero Rilo e Luis Iglesias, e a charla *Nomes galegos* en Melide, a cargo de Soqui Cea, no Multiúsos. ■

Concerto das Letras da Banda de Música Isabel II de Touro

Actuará este domingo na Casa da Cultura ás 18.00 horas ● Esta función representa unha homenaxe á lingua e ao patrimonio cultural

Redacción

O Concello de Touro destaca a importancia da celebración das Letras Galegas como unha das datas máis significativas para a cultura e identidade da comunidade. Esta conmemoración representa unha homenaxe á lingua galega, aos escritores e escritoras e ao patrimonio cultural que define a Touro como pobo.

Por esta razón, o Concello aposta por seguir promovendo iniciativas que axuden a conservar, difundir e dignificar o galego entre as novas xeracións e no conxunto da sociedade.

Neste marco, a Banda de Música Isabel II de Touro ofrecerá o seu concerto especial das Letras Galegas este domingo na Casa da Cultura ás 18.00 horas. Esta data é tamén unha oportunidade para recoñecer o traballo de tantas persoas que, ao longo dos anos, contribuíron ao fortalece-



CEDIDA

Un anterior concerto da Banda de Música Isabel II de Touro.

mento da nosa lingua e tradicións.

Deste xeito, o Concello de Touro anima á veciñanza a participar nas actividades que promove cada ano

con motivo desta celebración, reafirmando así o compromiso colectivo coa cultura galega e co futuro da nosa lingua. ■



CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS 2026

Banda de Música Isabel II de Touro



17 de maio
ás 18:00h
Casa da Cultura
de Touro

Organiza:



Participa:



Día das Letras Galegas



CEDIDA

Paula González, Goretti Sanmartín, Sol Agra e Zeltia Irevire na presentación do espectáculo na Praza do Obradoiro.



CEDIDA

Ambiente na apertura da mostra 'As voces de Begoña Caamaño', en Fonseca.

Santiago enxalza a Begoña Caamaño cun gran espectáculo

A Quintana acolle o domingo 'De Circes e Morganas', con música, narrativa e poesía

Redacción

Esta edición do Día das Letras Galegas non é unha calquera para Santiago de Compostela, xa que se homenaxea a unha autora que foi veciña da capital galega, onde traballou e defen-

deu a cultura e a lingua galega a través do xornalismo, a escrita e o activismo. Por iso dentro da súa longa programación de actividades figura un espectáculo único que terá lugar este domingo ás 20.00 horas na Praza da Quintana: *De Circes e Morganas. Celebrando a Begoña Caamaño*. Unha

proposta que mesturará música, narrativa e poesía para converter a Quintana «no campo da festa das Letras Galegas», segundo sinalou a deputada de Lingua, Sol Agra.

A iniciativa, impulsada pola Deputación da Coruña xunto con Nordesia, e que se integra tamén no programa das Festas da Ascensión, contará coa participación de Ana Romani, Xiana Arias, Fillas de Cassandra, Faia Díaz e Tareixa Novo, The Vacas, Alba María, Caamaño & Ameixeiras, Andrea Nunes, Felisa Segade, Merchi Rodríguez, A Banda das Crechas, As Tamborillás Transfeministas, Zeltia Irevire, A Pedreira xunto á súa banda —integrada por Lorena Cachito, Mauricio Caruso e Alejandro Vargas—, así como Uxia, Paz Francés, As Amigas e DJ Mil.

Xunto a todos os colaboradores, contarase co traballo audiovisual de

Agustina Shuan, creadora ademais do cartel deste evento.

Tres exposicións na honra da escritora

Compostela tamén honra este mes a Caamaño con tres exposicións que achegan ao público a súa traxectoria como xornalista, escritora, activista e voz fundamental do feminismo galego contemporáneo.

A Biblioteca Universitaria de Santiago lembra á autora con *As voces de Begoña Caamaño*, no Colexio de Fonseca, unha mostra bibliográfica que percorre a súa vida persoal e profesional, o seu compromiso co pensamento crítico, coa defensa da lingua e cos dereitos das mulleres, así como a súa pegada no xornalismo radiofónico, na prensa e na narrativa galega. A

exposición pode visitarse ata o 29 de maio. Na Biblioteca Pública Ánxel Casal, a mostra *Begoña Caamaño, activista: mover os marcos, cambiar de xogo* pon o foco na súa dimensión máis social e política: a súa implicación en movementos sociais e sindicais, a defensa dos medios públicos e unha vida marcada pola coherencia e o compromiso. Estará aberta ata o 30 de xuño.

A terceira exposición é *Morgana en Esmelle*, unha exposición colectiva de Fotoforum Compostela inspirada nunha das dúas novelas da homenaxeada. A mostra, situada no Centro Sociocultural das Fontiñas, propón un diálogo entre fotografía contemporánea e literatura para reinterpretar o universo narrativo da autora e a forza simbólica da súa obra. Poderá visitarse ata o 4 de xuño. ■

A obra que revolucionou a poesía galega hai 50 anos

EDICIÓN FACSIMILAR CINCUENTA ANIVERSARIO 1976-2026

EDITORIA **alvarellos**



Puerto de Marín

Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra

Día das Letras Galegas

As mulleres que fixeron medrar a lingua galega e a nosa literatura

Rosalía de Castro, Francisca Herrera, María Mariño, María Victoria Moreno, Xela Arias, Luísa Villalta e Begoña Caamaño son as escritoras que, xunto coas cantareiras, foron homenaxeadas ata agora no Día das Letras Galegas

AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA ATURUXO

Redacción

Como cada 17 de maio, Galicia celebra o Día das Letras Galegas, a cita máis senlleira da cultura do país. Naceu no ano 1963 como unha celebración para reivindicar o uso do galego e a literatura na nosa lingua a través da escolla dun escritor ou escritora, a cargo da Real Academia Galega, que protagoniza os actos conmemorativos.

Con todo, hai certas condicións que se deben cumprir para que unha persoa poida ser homenaxeada. Por unha banda, debe levar polo menos dez anos falecida. Ademais, a súa obra ou traballo ten que ser relevante para Galicia, especialmente no ámbito da lingua, da literatura ou da cultura galega.

A primeira persoa en ser recoñecida no Día das Letras Galegas foi Rosalía de Castro, a nosa autora máis universal. A RAG decidiu crear a celebración polo seu importante legado na literatura galega contemporánea, establecendo o 17 de maio como data para o festexo porque cadra coa publicación de *Cantares Gallegos*. A autora padronesa estacou polo seu labor fundamental no Rexurdimento, o movemento que recuperou o uso literario do galego no século XIX. Entre as súas obras máis importantes destacan tamén *Follas Novas* ou *En las orillas del Sar*.



As cantareiras Teresa, Prudencia, Manuela e Adela en Mens.

Foron moitas as mulleres que seguiron a estela de Rosalía e loitaron a través das letras por poñer en valor a nosa lingua. Con todo, son poucas as mulleres que, como Begoña Caamaño este ano, chegaron a ser homenaxeadas no Día das Letras Galegas desde 1963.

A seguinte muller en protagonizar esta cita tan importante foi Francisca Herrera, en 1987. A coruñesa está considerada unha das primeiras narradoras en lingua galega. Ademais, foi a primeira muller escollida membro de número da Real Academia Galega. Entre as súas obras destacan *Né-*

veda, *Sorrisas e bágoas* e *A neta da naipeira*.

A seguinte sería María Mariño no ano 2007, unha poeta nacida en Noia cunha obra moi importante de carácter íntimo, profundo e persoal. Non publicou moitos versos, pero títulos como *Palabra no tempo* e *Verba que come-*

za son considerados grandes clásicos.

En 2018 chegaría a quenda de María Victoria Moreno. Nacida en Cáceres, desenvolveu a súa vida persoal e profesional en Pontevedra. Destacou sobre todo pola súa contribución á literatura infantil e xuvenil en galego, con publicacións moi recoñecidas como *Anagnórise*, *Mar adiante* e *Leonardo e os fontaneiros*.

No ano 2021 o Día das Letras Galegas foi para Xela Arias, unha poeta, tradutora e editora de Sarria que deixou un importante legado pola súa voz poética moderna e rebelde. Algunhas das súas obras máis destacadas son *Denuncia do equilibrio*, *Tigres coma cabalos* e *Darío a diario*.

Pouco despois, no ano 2024, a RAG homenaxeou a Luísa Villalta, unha escritora, filóloga, profesora e violinista coruñesa que destacou pola súa capacidade para unir literatura e música. Algunhas das súas obras máis salientables son *Música reservada*, *Ruído*, *En concreto* e *Papagaio*.

O ano pasado deuse un caso único, xa que foron recoñecidas as cantareiras e a poesía popular oral, as mulleres que crearon, conservaron e transmitiron esta arte. A celebración personificouse en seis cantareiras: Adolfin e Rosa Casás (Cereda) Asunción Garrido, Manuela Lema e Prudencia Garrido, (Mens) e Eva Castiñeira (Muxía). ■



Día das Letras Galegas

Dumbría celebra as Letras á beira do río Albarellos

O Concello promove unha andaina de 15 quilómetros que parte este domingo ás 9.30 desde o Chan das Lagoas e remata na Devesa da Lúa



CEDIDA

contorna da carballeira de Berdeogas, ao tempo que gozarán das paraxes naturais e xoias arquitectónicas que enriquecen o traxecto ata a parroquia, pasando polo leito do río Albarellos.

Os participantes rematarán a camiñada na Devesa da Lúa, situada ao carón da igrexa parroquial, o castro e o conxunto etnográfico conformado pola casa reitoral, o cabazo e o pombal.

O itinerario de tipo circular constará dunha distancia aproximada de 15 quilómetros e o Concello cataloga o seu nivel de dificultade como moderado. Desde a Administración local animan a toda a veciñanza, así como ás persoas visitantes, a participar nesta actividade que combina deporte, natureza e posta en valor do patrimonio local nunha xornada de conmemoración da lingua e da cultura galega. ■

O percorrido pasará pola carballeira de Berdeogas.

Redacción

Dumbría utilizará o deporte para promover o seu patrimonio natural e cultural con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. O Concello promove este domingo unha andaina polo río Albarellos. O punto de saída será o Chan das Lagoas (ás 9.30

horas), punto estratéxico no que en días despegados se pode divisar gran parte da Costa da Morte, desde Malpica ata a Serra do Barbanza, o val de Soneira e a comarca do Xallas, ofrecendo tamén unha panorámica do encoro da Ferverza.

Unha vez os camiñantes pasen pola presa da Laxe, avistarán a

Quen era Begoña Caamaño?

Dez entrevistas feitas por alumnado do IES Rosalía de Castro de Santiago afondan na vida e na traxectoria da autora nun libro

ARQUIVO EMBEGOÑÁRMONOS



Acto de presentación da obra colectiva do IES Rosalía de Castro.

Redacción

Dez alumnos e alumnas, dez conversas con amigas de Begoña Caamaño, e dúcias de segredos por descubrir da homenaxeada das Letras Galegas. Un grupo de estudantes de 4º da ESO e de 2º de Bacharelato do IES Plurilingüe Rosalía de Castro, en Santiago, contribúe dende esta semana á bibliografía que se fai eco da traxectoria da protagonista do día grande das letras galegas cunha publicación, «Begoña Caamaño: Embegoñármonos... con dez conversas», nas que xuntan outras tantas entrevistas con amigas e persoas da familia da escritora e xornalista reivindicada pola Real Academia Galega neste 2026.

E o volume, editado co apoio da Xunta, vén cun extra especial: dedicatorias de cancións de persoas amigas e seareiras a Begoña Caamaño. En total, 36 temas aos que se pode acceder dende un QR e que inclúen as suxestións de María Xosé Queizán, Pilar García Negro, Tareixa Navaza, Guadi Galego ou Susana Aríns.

Marga Romero, docente do centro, coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística e escritora, presenta a obra no limiar coma un «convite especial» a mergullarse no universo de Begoña Caamaño e facelo a través do reto que supuxo para a rapazada do centro de exercer de xornalistas, coma a homenaxeada, para «investigar a traxectoria vital» da autora.

Así, grazas a Daniela González, de 4º da ESO, e da súa conversa con Beatriz Caamaño, a irmá de Begoña, é posible saber que lle gustaba comer, que facía ao chegar do

cole ou a afección que sentía a autora de *Morgana en Esmelle* pola literatura nos seus anos da infancia. E xa vos adianto que non eran «en absoluto» libros para crianzas os que alimentaban o seu pracer pola lectura.

Outra rapaza, Adara Soto Vidal, tamén de 4º da ESO, fala con outra Beatriz, neste caso Maceda, unha das biógrafas da escritora viguesa, e descobre as complexidades do que supón artellar unha vida a través das palabras. Unha pista: non falta unha reflexión sobre o activismo da protagonista.

Alexandre Baamonde Rodríguez, outro alumno de 4º, céntrase en Manuel Veiga, amigo de Caamaño, e tamén escritor e xornalista, coma ela. A conversa céntrase en debullar esta última faceta dela.

Pero a través do libro, co agradecemento dos docentes e do alumnado do centro implicados no proxecto como «Equipo de Embegoñadas» aos persoeiros que se prestaron a colaborar, achegan o seu coñecemento e o seu agarimo pola viguesa Goretti Sanmartín, alcaldesa de Santiago; Uxía (da que se inclúe unha misiva que lle enviou a escritora), Ana Romani, Faia, Milucho Romero, Chus Nogueira ou Ánxela Lema.

O alumnado que artellou as conversa foi Daniela González, Adara Soto, Alexandre Baamonde, Moragh Rodríguez, Leire Prieto, Mauro García, Marcos Garrido, Alba García, Mónica Liñares e Irene Sampedro. As ilustracións son obra de Victoria Cueto, Eva Piñeiro, Lara Pedreira, Lilit Caamaño, Alicia Ramas, Raúl Lamas, Alexandra Pacheco, Álvaro Martínez, Mateo Garrido e Sara Fernández. A responsable da edición foi Adara Soto. ■

de Maio

de Letras

Concello de Dumbría

DOMINGO 17 MAIO

ANDAINA

POLO RÍO ALBARELLOS

Circular Desde Berdeogas. 9:30 h

Imprescindible inscrición: <https://forms.gle/gBaXiyZDPEOTEIaMB>

LUNS 18 MAIO

OBRADOIRO INFANTIL/XUVENIL (Ler Conta Molto)

Gravado con Begoña Caamaño

Biblioteca do Conco ás 18:30h

DOMINGO 31 MAIO

ACTO LETRAS GALEGAS

MÚSICA TRADICIONAL

Clausura das escolas da Asociación A Fonte Santa - Gaiteiros de Buxantes

Casa da Cultura de Oliveira ás 17:00 h

ler

conta molto

Día das Letras Galegas

«O 2027 é o ano perfecto para premiar a Zernadas polo Día das Letras»

Baixo o Proxecto Zernadas'27, o Concello de Lousame une forzas para homenaxear este precursor do galeguismo coincidindo co 250 aniversario do seu pasamento

Redacción

Coincidindo co 250 aniversario do pasamento de Diego Antonio Zernadas de Castro, coñecido como o cura de Fruíme, o Concello de Lousame impulsou este ano o Proxecto Zernadas'27, unha iniciativa coa que o municipio está a promover a candidatura do autor para o Día das Letras Galegas de 2027. «É o precursor do galeguismo. Nun contexto complexo para Galicia e a súa lingua como era o século XVIII, Zernadas levou a cabo un papel heroico defendendo a identidade da comunidade e o uso do galego», sinala o alcalde lousamián, Esteban Ares.

O rexedor fala por todo o pobo de Lousame cando afirma que «probablemente é a figura máis importante do noso Concello», así como que «merece ser recoñecido a nivel autonómico, non esquecido». A lista de escritores que optan a ser premiados no Día das Letras Galegas de 2027 é longa e nela destacan reputados nomes como Xosé Neira Vilas. Con todo, desde o Concello de Lousame queren salientar que o próximo ano conta cun contexto especial para facer merecedor deste recoñecemento ao cura de Fruíme.

«Zernadas no 2027 e Neira Vilas no 2028»

«Non se pode dudar de que autores como Xosé Neira Vilas merecen ser recoñecidos pola Real Academia Galega, tal vez o 2028 sexa o ano axeitado ao cumprirse cen anos do seu nacemento. Non obstante, o 2027 é o ano perfecto para pechar a efeméride de Zernadas e premialo co Día das Letras Galegas», di Ares. Baixo o seu punto de vista, a conmemoración non

só faría honra ao galeguista, senón que tamén «poría a Lousame no mapa de Galicia a nivel cultural».

Apoio veciñal e dos académicos

A campaña xurdiu para que a veciñanza lousamiá sentise colectivamente a necesidade de propoñer o seu histórico paisano como merecedor das Letras Galegas e coñecesen a súa influencia. De feito, o Goberno local destinou unha partida dos seus orzamentos para presentar en todas as parroquias do municipio, ao longo destes meses, iniciativas que amosasen o valor da vida e a obra de Zernadas. «Hai un apoio unánime a nivel político, social, cultural e veciñal», sinala. Ade-

O Concello de Lousame organiza mañá un acto na honra do cura de Fruíme con música e xantar

mais, realizaron actos institucionais de presentación da candidatura con conferencias de profesionais como Xulio Pardo de Neira e Xosé Manuel Rivas Troitiño. Ademais, o alcalde, xunto co departamento de Cultura encabezado pola concelleira Silvia Agrafojo, está mantendo reunións con académicos da RAG para explicarlles o proxecto en detalle. «É a ilusión dun pobo e o momento de que a Academia se lembre del», remarca.

Como colofón a todas as actividades sobre Zernadas de Castro, o Concello de Lousame organizará un acto especial mañá en Fruíme, terra do ilustre galeguista, baixo o nome Festa do Galego 2027: todos con Zer-



O alcalde de Lousame, Esteban Ares, cuarto pola esquerda, na presentación da Festa do Galego 2027: todos con Zernadas.

nadas. Ás 10.00 horas iniciarase unha andaina de 5 quilómetros con saída e meta no Adro da Igrexa, na que cada 500 metros os camiñantes observarán unha lámina sobre a vida e obra do au-

tor. Ao longo da mañá haberá diferentes actuacións musicais e, ás 12.30, terá lugar a tradicional ofrenda floral diante do busto de Zernadas. Finalizará cun xantar popular organizado pola

Asociación de Veciños Zernadas de Castro de Fruíme. «É un acto aberto para que apoiem esta causa veciños de todos os concellos», conclúe o alcalde lousamián. ■

17 MAIO

FESTA DO GALEGO

ROMARÍA DAS LETRAS

TODOS CON ZERNADAS

PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

10.00 H. SAÍDA DA ANDAINA
(EXPOSICIÓN SOBRE A VIDA E OBRA DE ZERNADAS)

11.15 H. ACTUACIÓN DE "O SON DO POTE"

12:00 H. MISA

12:30 H. SAÚDA ALCALDE-OFRENDA FLORAL-CONCENTRACIÓN-
ACTUACIÓN DA BANDA DE MÚSICA DE LOUSAME

13:30 H. ACTUACIÓN CANLEBÓ- PANDERETEIRAS DA UNED S. -
ANDURIÑAS DE FRUÍME

SESIÓN VERMÚ AMENIZADA POLO DUO CHARADA-PINCHOS A
CARGO DO CONCELLO

15:00 H. XANTAR (RESERVAS NA A.A.V.V. FRUÍME ATA O 12 DE
MAIO)

CONTAMOS CON VÓS!

LUGAR: ADRO DA IGREXA DE FRUÍME

WWW.CONCELLODELOUSAME.GAL

COLABORA:
A.A.V.V. ZERNADAS DE CASTRO DE FRUÍME

Día das Letras Galegas

‘Cantares Gallegos’, a obra que impulsou o Día das Letras Galegas

A data de publicación desta obra de Rosalía de Castro foi elixida en 1963 para a festa anual

Redacción

Cada 17 de maio, Galicia celebra a súa efeméride cultural máis importante: o Día das Letras Galegas. É unha xornada dedicada a recoñecer a literatura escrita en galego, a lembrar a figura dunha autora ou autor destacado e a poñer en valor a lingua propia do país. A festa naceu en 1963 e, desde entón, converteuse nunha cita fundamental para escolas, bibliotecas, concellos, asociacións culturais e institucións.

A orixe desta celebración está vencellada a Rosalía de Castro e a unha data moi concreta. O 17 de maio de 1863 publicouse en Vigo *Cantares Gallegos*, unha obra que marcaría por completo o inicio da literatura galega contemporánea.

Cen anos despois, en 1963, tres membros da Real Academia Galega (Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo) propuxeron crear unha celebración anual arredor das letras e da lingua galega. A súa idea era

que aquela data non quedase só nunha homenaxe puntual a Rosalía, senón marca como un día permanente para honrar os libros galegos e a creación literaria do país.

A Real Academia Galega aprobou a proposta por unanimidade o 28 de abril de 1963, establecendo

Desde 1991 o 17 de maio é xornada festiva oficial na comunidade autónoma

que cada 17 de maio se celebraría o Día das Letras Galegas. Deste xeito, Rosalía de Castro foi a primeira persoa homenaxeada, polo carácter fundacional de *Cantares Gallegos* e polo papel decisivo que tivo na recuperación cultural de Galicia. A partir de aí, cada ano a Academia escolle unha figura diferente, sempre vencellada á creación en galego e cunha



Conferencia na Casa de Galicia de Nova York en conmemoración do Día das Letras Galegas, o 22 de maio de 1964.



Rosalía de Castro foi a primeira autora homenaxeada polas Letras Galegas.

obra relevante para a cultura do país. A lista de homenaxeados está conformada por destacados nomes como Castelao, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Vicente Risco, Rafael Dieste, María Mariño, Blanco Amor o Uxío Novoneyra.

Co paso do tempo, a celebración foi medrando. O que comezou como unha iniciativa académica transformouse nunha festa compartida pola sociedade. Hoxe arredor do 17 de maio organizanse actos literarios, exposicións, lecturas, concertos, actividades escolares e todo tipo de propostas divulgativas. Desde 1991 é festividade oficial en Galicia. ■

17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Concello de CASTROLIBELO

DISCARLUX'

COME MENOS CARNE, ELIGE MEJOR.

Distribución en Galicia del mejor vacuno mayor nacional y de importación.

www.discarlux.es

DISCARLUX
WWW.DISCARLUX.ES

Día das Letras Galegas

Carballo ilustra a Begoña Caamaño

Redacción

O Concello de Carballo fai uso das artes ilustrativas para celebrar o 17 de maio, Día das Letras Galegas. Da man do artista Mon Lendoiro presenta unha nova imaxe de Begoña Caamaño, artista homenaxeada este ano pola RAG. Esta ilustración súmase á de Rosalía de Castro, que pode verse no xardín dedicado á poeta. O obxectivo da proposta consiste en dar a coñecer a figura da autora vixuesa e facer que a súa mensaxe «É o tempo do feminismo» chegue a todo o alumnado de xeito creativo. Así, Carballo pretende continuar o embelecemento da vila incorporando máis imaxes de mulleres destacadas na historia de Galicia.

Por outra banda, este sábado celébrase a *A Pegada de muller*, unha xornada aberta á veciñanza para reivindicar o papel das mulleres nas letras e nas artes galegas, con lectura pública e actuación de Marta Méndez. Mañá terá lugar o 44º Concurso infantil de



CEDIDA

Begoña Caamaño, a autora recoñecida este ano no Día das Letras Galegas.

pintura e debuxo Luis Calvo, a actuación da Banda Municipal de Gaitas e, pola tarde, a presentación do libro *Begoña Caamaño* no local social de Cances, con sorteo dun exemplar e aperitivo final para a veciñanza. ■

Santiago tamén corre o Día das Letras Galegas

O domingo celebrarase a XI Carreira Camiño das Letras • Haberá probas de quince e cinco quilómetros, ademais de circuítos infantís

Redacción

Santiago tamén celebra o Día das Letras Galegas a través do deporte, unha fórmula que xa se converteu en tradición no calendario cultural da cidade. A gran cita será este sábado, 17 de maio, coa XI Carreira Camiño das Letras, unha proba organizada por Xurdir, coa colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que une actividade física, lingua e patrimonio nun percorrido simbólico.

A carreira principal, de 15 quilómetros, partirá ás 10.00 horas do Pico Sacro e seguirá o trazado do Camiño do Sueste ata a Cidade da Cultura, convertendo o itinerario nunha homenaxe en movemento á cultura galega. A proposta complétase cunha proba de 5 quilómetros polo Gaiás e o Bosque de Galicia, ademais de carreiras infantís para categorías desde sub-6 ata sub-16, co obxectivo de facer partícipes da ini-



CEDIDA

Un participante rematando unha anterior Carreira Camiño das Letras.

ciativa ás xeracións máis novas.

A recollida de dorsais farase nas instalacións de Xurdir, en Outeiro do Castiñeirío, 73, baixo. Todos os corredores recibirán un libro de agasallo e poderán participar nunha degustación de tenreira galega.

Haberá servizos de autobuses e gardarropa desde a Cidade da Cul-

tura ao Pico Sacro boqueixonés.

A Cidade da Cultura, tamén o propio Día das Letras Galegas, acollerá na Biblioteca de Galicia o espectáculo musical *Chaves Invisibles*, de Vero Rilo e Luis Iglesias. Unha proposta que introducirá aos máis pequenos no universo literario de Begoña Caamaño. ■



DÍA DAS
LETRAS
GALEGAS
2026

A memoria
tamén constrúe
o *futuro*.

Begoña Caamaño



DÍA DAS
LETRAS
GALEGAS

